



## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

### CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE DECEMRBO DE 2017

Nº 48/17

Na sala de sesións da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, cando son as 08:30 h do día 28 de decembro de 2017 reúnese, en primeira convocatoria e en sesión ordinaria, o Consello da Xerencia de Urbanismo para o estudo, ditame e resolución, no seu caso, dos asuntos incluídos na orde do día remitida a todos os compoñentes do Consello, baixo a presidencia da vicepresidenta da XMU Dna. María José Caride Estévez e coa asistencia dos vogais Dona M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez, Dna. Olga Alonso Suárez, D. Jaime Aneiros Pereira, Dona Teresa Egerique Mosquera, D. Miguel Fidalgo Iglesias D. Carlos López Font e D. Rubén Pérez Correa. Asiste así mesmo D. Carlos Hernández Figueruelo, xerente de Urbanismo e D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral do Concello de Vigo. Actúa como secretario D. José Riesgo Boluda, secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Sra. vicepresidenta da Xerencia: Bos días a todos e todas, temos quorum, comezamos coa orde do día.

#### 1. ACTA ANTERIOR (21.12.2017).

Apróbase por unanimidade.

#### ASUNTOS COMPETENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

#### 2. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO EXERCICIO 2017. EXPEDIENTE 10338/407.

O día 26.12.2017 o xefe dos Xervizos Centrais co conforme do xerente e da vicepresidenta da XMU informa:

##### I.- Antecedentes.

Con data 27 de decembro de 2016 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2017, incluíndo o do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo". Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía un cadro de persoal conformado da seguinte maneira:





# CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

## A) FUNCIONARIOS DE CARRERA:

DENOMINACION DA PRAZA	Nº PRAZAS	ESCALA	SUBESCALA	CLASE
ARQUITECTO	11	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE ADMON.XERAL	12	ADMON.XERAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO SUPERIOR SERVIZOS ECONÓMICOS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE SISTEMAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO SUPERIOR INDUSTRIAL	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO DA EDIFICACIÓN	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	SUPERIOR
ENXEÑEIRO TÉCNICO OO.PP.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUITECTO TÉCNICO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ENXEÑEIRO TÉCNICO IND.	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TECNICO MEDIO OBRAS PÚBLICAS	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
TÉCNICO MEDIO SERV.EC.	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
ARQUIVEIRO	1	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	MEDIA
PROGRAMADOR INFORMÁTICA	2	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
INSPECTORES DE URBANISMO	6	ADMON.ESPECIAL	TÉCNICA	AUXILIAR (C1)
ADMINISTRATIVO	30	ADMON.XERAL	ADMVO.	
AUXILIAR TRANSFORMAR ADMINISTRATIVOS	4	ADMON.XERAL	AUXILIAR	
OFICIAL DE OFICIOS	1	ADMON.ESPECIAL	COM.ESP.	
ALGUACIL-NOTIFICADOR-ORDENANZA	2	ADMON.XERAL	SUBALTERNO	

TOTAL = 81

## B) ORGANO DIRECTIVO: XERENTE.

TOTAL = 1

**TOTAL = 82**

Destas prazas se encontran vacantes na actualidade:

- 4 prazas de técnico de administración xeral (2 ocupadas interinamente).
- 1 praza de enxeñeiro superior industrial (ocupada interinamente).
- 1 praza de arquitecto (ocupada interinamente).
- 1 praza de inspector de urbanismo (oferta de emprego público 2016, promoción interna).
- 3 prazas de administrativo (2 de elas na OEP 2016, promoción interna).
- 2 prazas de auxiliar administrativo.

## II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ó disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), "as





## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

*necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...”*

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:

*“2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.*

*3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”*

O artigo 19.Un.3 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o 2017, establece que:

*“1. A lo largo del ejercicio 2016 únicamente se podrá proceder, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, ... , a la incorporación de nuevo personal con sujeción a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores ...*

*2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 100 por ciento: ... (educación, sanidade, servizos sociais, policía, etc.; sen incluír urbanismo).*

*3. En los sectores y Administraciones no recogidos en el apartado anterior, la tasa de reposición se fijará hasta un máximo del 50 por ciento.*

Dado que no exercicio 2016 se produciron dúas baixas, unha por xubilación (praza de administrativo) e outra por promoción interna (praza de auxiliar administrativo), propónse a aprobación dunha oferta de emprego público para o exercicio 2017 que inclúa unha praza de auxiliar administrativo. Dita proposta e obxecto de negociación coa representación sindical (22.12.2017). Por estar incluída no cadro de persoal ten dotación orzamentaria, tanto neste exercicio 2017 como no proxecto aprobado inicialmente para 2018.

### III.- Proposta.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, residenciou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia proporá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2017, integrada pola seguinte praza vacante, correspondente a persoal funcionario:



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 11/01/2018 09:48

Páxina 3 de 8

EXPEDIENTE 413\_406

CSV: 2DE84-4EA23-AB5AB-3DE2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
1	Auxiliar admvo.	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	-----	Libre

### **Votación:**

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 8 votos: 1 de Marea de Vigo: Sr. Pérez Correa; 2 do PP: Sres. Egerique Mosquera e Fidalgo Iglesias; 5 do PSOE: Sres. Abelairas Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Rodríguez, Estévez, López Font.

### **Acordo:**

O Concello, por unanimidade, acorda elevar a Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución.

### **ASUNTOS COMPETENCIA DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO:**

#### **3. INCOACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 9788/407.**

O día 26.12.2017 o Xerente da XMU con conforme da Vicepresidenta da XMU informa:

O planeamento urbanístico vixente no municipio de Vigo o constitúe o denominado expediente de Subsanción de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación da do Solo a Galicia (en adiante PXOU 93), aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993 polo Consello da Xunta de Galicia que, unha vez publicado o acordo de aprobación, o 10 de maio de 1993 no Diario Oficial de Galicia, e a súa normativa no Boletín Oficial da Provincia o 14 de xullo de 1993, remataba o proceso de adaptación do planeamento xeral á lexislación urbanística galega, iniciado practicamente trala aprobación definitiva do PXOU de 1988.

O dito planeamento foi completándose, no transcurso da súa vixencia, coa aprobación dalgunhas modificacións puntuais e coa aprobación do seu planeamento de desenvolvemento.

O día 20.10.2000 o Pleno do Concello de Vigo acordou proceder á redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación en substitución do PXOU-93, PXOM que aprobado inicialmente no ano 2004, acadou a aprobación definitiva e parcial no ano 2008 (orde publicada no DOG n.º 106, de 03.06.2008 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 151-suplemento, de 06.08.2008;) e completa mediante Orde do conselleiro da CMATI de 13.07.2009 (orde publicada no DOG n.º 144, de 24.07.2009 e normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º 175, de 10.09.2009) aprobouse o documento de cumprimento das deficiencias observadas pola Orde do 16 de maio de 2008. A base cartográfica para redacción deste Plan Xeral foi a restitución cartográfica do ano 2006 do voo realizado no ano 2005 (dátum





## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

ED 50, sistema de proxección UTM, fuso 29 e marco de referencia altimétrico), que a día de hoxe quedou obsoleta e non representa a realidade física do municipio.

En data 10.11.2015, o Tribunal Supremo declarou a nulidade de pleno dereito das ordes autonómicas polas que fora definitivamente aprobado, de acordo cos fundamentos xurídicos da sentenza ditada no recurso de casación n.º 1658/2014 que, estimando un recurso de casación interposto contra a sentenza da Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 20 de febreiro de 2014, considerou que coa resolución autonómica do día 28.03.2008, declaratoria da inviabilidade de sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, arriba citada, eludírase inxustificadamente a tramitación medioambiental esixida polos artigos 7 e 9 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. Os efectos desta sentenza proxección sobre outras que declararon igualmente a nulidade das nomeadas ordes autonómicas.

A dita declaración de nulidade, aínda que fundamentada en cuestións exclusivamente formais, significou a reviviscencia do PXOU-93, tendo en conta os efectos ex tunc que tal declaración supón ao respecto do plan xeral aprobado mediante ordes dos anos 2008 e 2009, situándose na orixe mesma do presente procedemento de revisión, iniciado en cumprimento do acordo plenario do 18.12.2015. Neste procedemento de revisión é fundamental dispoñer dunha base cartográfica actualizada que sirva de soporte non só para a revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal (obxecto principal deste contrato), senón tamén para á xestión e mellora dos servizos á cidadanía, e a procesos que requiren dunha permanente necesidade de renovación, e unha crecente demanda de produtos e servizos cartográficos por parte dos servizos técnicos municipais de Vigo, e de todos aqueles axentes que actúan sobre o territorio.

O Concello de Vigo ten iniciada a tramitación dun Instrumento de Ordenación Provisional IOP en desenvolvemento do disposto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación (no sucesivo, LMFAO 2017), que deberá considerarse e relacionarse cos traballos de revisión obxecto deste contrato.

Ademais en base a Lei 3/2016, do 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, tramitáronse varios proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese público desconformes co planeamento vixente, como a Obras do Plan de consolidación e modernización do polígono industrial de Balaídos, ampliación do IFEVI ou a nova estación intermodal que deberán incorporarse na revisión do Plan Xeral.

Á vista desta situación urbanística, e tendo en conta que nestes últimos anos foron aprobadas novas disposicións normativas en materia urbanística, é necesaria a redacción dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal para este concello que se axuste ás necesidades actuais e á lexislación vixente.

Ademais é necesario a actualización de información cartográfica de referencia municipal e a súa migración a un modelo de datos SIX municipal, que servirá de base para o traballo de planeamento.

Con data 4.12.2017 se deu entrada no Rexistro da Xerencia (documento nº 170169482) un exemplar do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Vigo, para o financiamento da continuidade nos traballos de redacción



Copia auténtica - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 11/01/2018 09:48	Páxina 5 de 8
EXPEDIENTE 413_406	CSV: 2DE84-4EA23-AB5AB-3DE2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo. Dito convenio prevé un financiamento en catro anualidades que abarcan os exercicios 2018 a 2021.

Tendo en conta que a prestación do servizo que se pretende contratar non pode realizarse en tempo e forma con medios persoais propios, en aplicación dos artigos 22 e 109 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro de 2011, que aprobou o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público e do artigo 10º.2.d) e h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (BOP de 6 de outubro de 2010), procede que o Consello da Xerencia adopte o seguinte acordo:

Á vista dos antecedentes exposto e da normativa citada, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo,..."..."

### **Votación:**

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 8 votos: 1 de Marea de Vigo: Sr. Pérez Correa; 2 do PP: Sres. Egerique Mosquera e Fidalgo Iglesias; 5 do PSOE: Sres. Abelairas Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Rodríguez, Estévez, López Font.

**Acordo:** O Consello por unanimidade adopta o seguinte acordo:

“Incoar o expediente de contratación do servizo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo”.

**4. DAR CONTA DOS INFORMES URBANÍSTICOS E AMBIENTAL, SUBSCRITOS POLA DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO E POLA DIRECTORA XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA, DE DATAS 29 DE NOVEMBRO E 12 DE DECEMBRO DE 2017, RESPECTIVAMENTE, EMITIDOS AO “ESTUDO ESPECÍFICO DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO 2008, NO ÁMBITO A-7-02 RECARÉ”, DE CARÁCTER FAVORABLE A SÚA INCLUSIÓN COMO ORDENACIÓN PROVISIONAL DAS RPEVISTAS NO ARTIGO 92 DA LEI 2/2017, DO 8 DE FEBREIRO, DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN. EXPTE. 16308/411.**

O Consello da Xerencia de Urbanismo toma coñecemento do mesmo.





## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

### 5. DAR CONTA DO INFORME DA DEMARCACIÓN DE CARRETERAS DEL ESTADO RELATIVO Á 2ª MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 15666/411-

O Consello da Xerencia de Urbanismo toma coñecemento do mesmo.

### 6. DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DA OFICINA DE LICENZAS QUE RESOLVEU A CONCELEIRA DELEGADA DA ÁREA DE URBANISMO.

#### ESTIMADAS:

- |  |                           |
|--|---------------------------|
| 1. 86262/421.- OSCAR REINADO CRESPO        | VIVENDA UNIFAMILIAR       |
| 2. 88704/421.- SARA SOTO CASTRO            | VIVENDA UNIFAMILIAR       |
| 3. 94480/421.- COM. PROP. ZAMORA 61        | REFORMA/AMPLIACIÓN        |
| 4. 91493/421.- JUAN COMINGES CARVALLO      | OBRA MENOR                |
| 5. 94640/421.- NICOLAS RODRIGUEZ GRANDJEAN | OBRA MENOR                |
| 6. 94678/421.- PATRICIA MUÑOZ TORRES       | OBRA MENOR                |
| 7. 91552/421.- COMPAÑIA INMOBILIARIA       | REFOR. COMERC. COM. PREV. |
| 8. 91239/421.- CONSTRUCCIONES EVACARLU     | REFOR.COMERC. COM. PREV.  |

#### PRÓRROGA:

- |                                     |                    |
|-------------------------------------|--------------------|
| 9. 72164/421.- JOSÉ FERNÁNDEZ DURÁN | REFORMA/AMPLIACIÓN |
|-------------------------------------|--------------------|

#### INFORMACIÓN URBANÍSTICA:

- |                                 |         |
|---------------------------------|---------|
| 10. 94356/421.- CAIXABANK, S.A. | INFORME |
|---------------------------------|---------|

#### INADMISIÓN RECURSO:

- |  |                    |
|--|--------------------|
| 11. 90326/421.- JOSÉ LUIS MARTÍN GORDO | REFORMA/AMPLIACIÓN |
|--|--------------------|

#### DECLARAR CONCLUSO:

- |                                       |                    |
|---------------------------------------|--------------------|
| 12. 83439/421.- DOLORES VILLAR CARIDE | MURO DE CONTENCIÓN |
|---------------------------------------|--------------------|

#### CADUCIDADE:

- |                                     |                           |
|-------------------------------------|---------------------------|
| 13. 80029/421.- JULIO ALONSO DOURAL | PECHE (MET. SIMPLIFICADO) |
|-------------------------------------|---------------------------|

#### DESESTIMADOS:

- |   |                    |
|---|--------------------|
| 14. 90150/421.- ROBERTO ÁLVAREZ PEAGUDA | PRIMEIRA OCUPACIÓN |
| 15. 84860/421.- CARMEN HERMIDA GARCÍA   | INVERNADEIRO       |







## CONCELLO DE VIGO

XERENCIAMUNICIPALDEURBANISMO

**Acordo:** O Consello toma coñecemento das licenzas que resolveu a concelleira delegada de Urbanismo por delegación da Xunta Xunta de Goberno Local (acordo do 19.06.2015).

### 7. PREGUNTAS E SUXESTIÓNS.

Non se formulan.

Como non hai máis asuntos que tratar, a presidenta dá por rematada a sesión do Consello ás 08:45 h.  
Dou fe.

/Nc

Vigo, na data da sinatura dixital  
O secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo  
José Riesgo Boluda

A vicepresidenta da XMU  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

